



Non hai dereito!!

Inspección cita a facultativos aleatoriamente para revisar as baixas emitidas

A Consellería de Sanidade sorpréndenos de novo. Inspección médica está citando, din que de forma aleatoria, a facultativos para revisar os procesos de baixa laboral emitidos por estes.

Podemos recibir unha carta que diga: Veña vostede a Durán Loriga ás 13:00 de x día para revisar os procesos de baixa emitidos !! Seguro que a maioría dos inspectores non aproban isto, pero algún directivo da inspección tivo esta ocorrencia.

Esta medida é absolutamente inútil, **as/os médicas/os non imos cambiar a nosa forma de traballar porque nos cite inspección** para revisar o listado de baixas, pero fai perder o tempo, tempo que non temos, e cabrea. Inspección debe ter máis que facer que isto e ten outros medios para actuar se ten dúbidas (requirimentos) ou pensa que algo é incorrecto (dar a alta laboral) nun proceso de IT. Déixennos traballar!.

É unha falta de respecto aos profesionais. Tal como estamos de saturación unha acción deste tipo parece que é rirse dun.

CIG-saúde demanda da Xerencia que interveña de inmediato para parar este despropósito. **É a súa responsabilidade impedir que as ocorrencias de alguén acaben prexudicando e incrementando o risco de burn out das/os médicas/os de atención primaria.** Non hai dereito!